



PORTADA | GALIZA | HISTORIA RECENTE

I CONGRESO DE ESCRITORES

Como se deseñou a normalización das nosas letras

Afonso Eiré. Segundo capítulo da lembranza do I Congreso de Escritores que organizou a AELG hai 30 anos en Poio. Entre debate e coloquio e parola en Combarro, os participantes no encontro van buscando a maneira de impulsar a normalización da literatura na sociedade, coa esperanza de que o ensino lle dea un motor social ao seu traballo.

11.05.2011 | 09:06

TAGS: ESCRITORES, CONGRESO DE ESCRITORES, AELG, RAFAEL DIESTE, RICARDO CARBALLO CALERO,



I Congreso de Escritores en Lingua Galega, en Poio, maio do 1981. Arquivo ANT

Neste congreso de Poio participaron perto de 200 escritores, entre congresistas e convidados. Dáse a circunstancia, aínda que hoxe poida semellar raro, que a maioría deles non se coñecían fisicamente, aínda que tivesen en moitos casos unha rica e intensa correspondencia e foran amigos na distancia.

Así, a confraternidade á noite nos bares de Combarro e, mesmo, os paseos de volta cara a Poio, con máis dunha hora de andada, cimentaron moitas relacións e contribuíron a moitas achegas e confidencias.

Precisamente, Rafael Dieste, logo do saúdo do presidente, Bernardino Graña, abriría o congreso manifestando a ledicia que lle producía este encontro e facendo un repaso emocionado polo percorrer dos literatos galegos e das súas relacións.

Tomou a palabra a continuación Ricardo Carballo Calero, quen, logo de afirmar que os vellos quixerón deixarlles paso "a mentes máis activas e pernas máis lixeiras", manifestou que o que sexa a lingua galega depende dunha administración galega, afirmando a continuación que "o que uns homes torceron outros homes poden endereitar".

O primeiro relatorio do congreso presentouno Basilio Losada e versou sobre a narrativa galega.

A continuación expuxo as súas teses Pilar García Negro, sobre a presenza dos nosos idioma e literatura no ensino.

Pilar Vázquez Cuesta falaría sobre "os problemas da literatura galega na súa proxección exterior".

Para rematar o primeiro día do congreso faláron os escritores portugueses Casimiro Brito, Egipto Gonçalves, X. Augusto Seabra e Manuel Ferreira. Tamén o fixo o brasileiro Cláudio Murilo.

Leríanse comunicados das Asociacións de Escritores de Angola e Cabo Verde.

O coloquio puido dar moito máis de si, pola teima de algúns de centralo, unicamente, na normativa.

Co mural de Moldes presidindo o estrado, os do Grupo Rompente de Comunicación Poética (Antón Reixa, Alberte Avendaño e Manuel Romón), faláron sobre a "actitude literaria", e fixérono cunha posta en escena distinta.

Disertaría sobre "a poesía" Cuña Novás, para rematar a mañá do segundo día.

Á tarde do 3 de maio comezaría, logo dunha frugal comida, cun relatorio sobre "O escritor e os medios de comunicación", presentada por Vítor Feixanes, Manuel Rivas, Luís Álvarez Pousa e Margarita Ledo.

Púxose de manifesto, tanto nos relatorios coma no coloquio, a importancia dos medios de comunicación tanto para a lingua como para a literatura e así se recolleu logo nas conclusións.

Pechou o día a intervención do escritor peruano Manuel Escorza, chegado desde París, que tivo unha viva polémica con Vázquez Cuesta a costa das linguas indíxenas e da súa postura sobre delas.

Moitos, ao final do día, de novo nas tabernas de Combarro, preguntábanse quen trouxera a Escorza e que viñera facer.

Sen que a trasnoita lle pasase factura á maioría daqueles corpos novos e almas aguerridas, comezaría o terceiro día do congreso, 4 de maio, co relatorio de Xesús Rábade Paredes sobre a "literatura galega ante o desencanto".

A continuación disertou Roberto Vidal Bolaño sobre o teatro galego e literatura.

Logo subiu ao estrado Xoán Ignacio Taibo para parolar sobre a "supervivencia do escritor galego".

Santamarina Conde, economista e lusista, falaría sobre os estudos económicos en lingua galega.

Pola tarde, Pilar García Negro e Xosé María Dobarro presentarían outros relatorios sobre a lingua e a súa situación, para pasar logo ao capítulo de conclusións.